

**10/550 ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL Á ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA. CIF G15044811, PARA O PROXECTO “LIMPEZA DE PELLETS EN PRAIA DO CONCELLO DE BARREIROS CON VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE LUGO”.-**Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 18 de decembro de 2024, conformado pola Tenenta de Alcaldesa Delegado da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Con relación ao asunto de referencia, cómpre tomar en consideración os seguintes

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**1.** Con data do 08-08-2024 a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, ditou providencia de inicio de expediente para a concesión de subvención de carácter directo e excepcional á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, co fin de adoptar as accións necesarias para paliar os efectos para a saúde pública, derivados da catástrofe ocasionada polo verquido ao mar de seis contedores dos cales, cando menos un, ía cargado de pellets, pequenas boliñas de plástico duns 4-5 mm de diámetro, que formaban parte da carga do buque Toconao, de bandeira de liberiana. Un total de para o financiamento parcial do proxecto: “Limpeza de pellets na praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”, por importe de 2.000,00 euros.

O día 8 de decembro de 2023, precipitouse ao mar, fronte á costa portuguesa, parte da carga do buque Toconao de bandeira de liberiana. Un total de seis contedores dos cales, cando menos un, ía cargado de pellets, pequenas boliñas de plástico duns 4-5 mm de diámetro.

Esta catástrofe supuxo unha vez máis un desastre ecolóxico de grandes dimensións para as costas galegas ás que as fortes correntes mariñas aproximaron esta carga altamente contaminante, diseminando millóns destas partículas de plástico no mar que foron chegando ás praias con cada marea.

Esta tamén denominada “marea branca” provocou unha grande alerta na, sociedade galega, cunha gran demanda de participación voluntaria, traducida na mobilización dunha morea de persoas para axudar tanto na detección como na recollida de pellets das praias: voluntarias, asociacións de ecoloxistas e municipios afectados.

Esta intervención enmárcase na esfera competencial da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza relacionadas coa información e participación social, contidas na Lei 7/85 LRBR (Capítulo IV), en desenvolvemento da encomenda que a Constitución Española fai aos poderes públicos no seu art. 9.2. no cal establécese que corresponde aos poderes públicos, entre outros “facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”, cuestión que no seu artigo 23 consolida como un dereito da cidadanía “a participar nos asuntos

públicos...”, co cal queda enmarcada a que constitúe a primeira liña de acción no eixo de Participación cidadá, cuxo obxectivo fundamental é a implicación da cidadanía na defensa dos intereses xerais.

**2.** Como consecuencia cúrsase á entidade beneficiaria requirimento da documentación precisa para a tramitación do procedemento de adxudicación de subvención directa e excepcional, achegando os seguintes documentos que se incorporan ao expediente:

- Copia dos estatutos da entidade onde consta explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e que dentro dos fins institucionais ten a realización de actividades de estudo e defensa do equilibrio ecolóxico e Galiza, tanto na súa fauna e a súa flora como no ambiente que a sustenta.
- Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se declara a Adega como entidade de utilidade pública (DOG núm. 74 do 18.04.2017).
- Declaración responsable acreditativa dos seguintes aspectos:
  - De que a entidade non solicitou nin percibiu subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se destina a subvención.
  - De que a acción á que se refire a presente subvención efectúese nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
  - De que a subvención a percibir destinarase íntegramente, ao financiamento da acción descrita na memoria.
  - De que a asociación non está inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
  - De que a asociación está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Lugo, respectivamente.
  - De que o persoal que desenvolveu as súas funcións nesta entidade e, en concreto para esta actividade, non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
  - De que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2024.
  - Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

- Certificacións actualizadas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e de non ter débeda por ningún concepto coas facendas estatal e autonómica e coa Seguridade Social respectivamente.
- Proxecto concreto de actuación no cal constan entre outros extremos:
  - As circunstancias que sustentan e xustifican a adxudicación da subvención directa e excepcional facendo constar que como asociación ecoloxista, é decana en Galicia, con 50 anos de experiencia na defensa do medio ambiente galego, sendo uns dos pilares da súa actividade a educación ambiental.
  - Dotación dos recursos económicos, materiais e persoais necesarios para afrontar a execución da actividade nos termos contidos na memoria.
  - Orzamento da actividade a desenvolver, co seguinte desglose:

|                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| Persoal formación               | 965,15 €   |
| Persoal comunicación e difusión | 261,44 €   |
| Persoal xestión e coordinación  | 231,41 €   |
| Materiais                       | 261,00 €   |
| Transporte                      | 506,00 €   |
| Seguro de accidentes            | 30,00 €    |
| Importe total                   | 2.255,00 € |

Manifesta asimesmo, o seu compromiso de achegar como mínimo o 10% do gasto total orzamentado (2.254,85 €), en concreto a cantidade de 254,85 € que supón un 11,30% do orzamento total, así como a solicitude de subvención por un importe de 2.000,00€ para o proxecto presentado.

**3.** Á vista da documentación achegada, con data do 29-08-2024, a unidade xestora da subvención directa á entidade Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza. CIF G15044811, para o desenvolvemento do proxecto “Limpeza de pellets en praia do Concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”, emite informe sobre as causas que configuran o seu carácter excepcional, as razóns de interese público, social, económico ou humanitario que a xustifican e as razóns que dificultan a súa convocatoria pública do cal se desprende:

*“Con data do 08-08-2024 a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, ditou providencia de inicio de expediente para a concesión de subvención de carácter directo e excepcional á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, co fin de adoptar as accións necesarias para paliar os efectos para a saúde pública, derivados da catástrofe ocasionada polo verquido ao mar de seis contedores dos cales, cando menos un, ía cargado de pellets,*

*pequenas boliñas de plástico duns 4-5 mm de diámetro, que formaban parte da carga do buque Toconao, de bandeira de liberiana. Un total de para o financiamento parcial do proxecto: “Limpeza de pellets na praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”, por importe de 2.000,00 euros.*

*A concesión directa e excepcional, é un tipo de subvención que está recollido no art. 22.2c) da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, sendo o artigo 67 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto do 887/2006, de 21 de xullo o que dicta o procedemento necesario para a súa adxudicación.*

*Neste marco legal, a Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo (BOP Nº 111, do 18 de maio de 2005) determina nos arts. 20 a 24, do seu capítulo 3, o procedemento **para tramitación da adxudicación de concesión directa e excepcional de subvencións, establecendo taxativamente que :**“ 1. Poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”, sendo o obxecto do presente informe a xustificación dos extremos aos que alude.*

*En canto ao seu carácter excepcional, cómpre aludir ao feito imprevisible e de carácter fortuito, que ocasiona a necesidade de intervención urxente e inmediata dos poderes públicos a fin de paliar as súas graves consecuencias para a saúde pública.*

*Neste sentido, foi o día 8 de decembro de 2023, cando se produce o accidente fronte á costa portuguesa, precipitándose ao mar, parte da carga do buque Toconao de bandeira de liberiana, un total de seis contedores dos cales, cando menos un, ía cargado de pellets, pequenas boliñas de plástico duns 4-5 mm de diámetro, sendo urxente a adopción de medidas para evitar os seus efectos máis adversos.*

*As razóns de interese público, social, económico ou humanitario, veñen determinadas polo alcance e características da traxedia.*

*Neste sentido, esta catástrofe supuxo unha vez máis un desastre ecolóxico de grandes dimensións para as costas galegas ás que as fortes correntes mariñas aproximaron esta carga altamente contaminante, diseminando millóns destas partículas de plástico no mar que foron chegando ás praias con cada marea, de xeito que o primeiro avistamento destes pélets en terra foi o 13 de decembro nas praias de Corrubedo, no municipio de Ribeira, A Coruña e a partir do día 5 de xaneiro, os microplásticos perdidos xa estaban chegando a Fisterra e ás cidades da Coruña e Ferrol, formando en todo o litoral galego o que non en vano se denominou marea de plástico, unha enorme marea que inundou as nosas costas.*

*Aínda que dadas as súas características físicas, os pellets son moi pequenos, constitúen elementos altamente contaminantes cun alto risco de que pasaran a*

*formar parte as cadeas tróficas, ao existir unha gran probabilidade de que tanto peixes como aves os inxiran, o cal ocasionaría xa non só problemas nas propias especies, senón que tamén acabarían integrados na cadea alimentaria humana.*

*Esta tamén denominada “marea branca” provocou unha grande alerta na sociedade galega, cunha gran demanda de participación voluntaria, traducida na mobilización dunha morea de persoas para axudar tanto na detección como na recollida de pellets das praias: voluntarias, asociacións de ecoloxistas e municipios afectados.*

*A grande demanda da cidadanía lucense para poder participar nas accións de axuda e limpeza das praias organizadas para combatir as consecuencias dos efectos catastróficos deste accidente marítimo, na defensa do noso litoral obrigou a esta Área de Participación e Servizos para a Veciñanza a vehiculizar e facer posible esa participación en momentos nos cales o tempo e a forma viñan connotados pola necesidade urxente da realización das actuacións naquel momento determinado a fin de obter resultados eficaces.*

*En canto ás razóns que dificulten a súa convocatoria pública, cómpre considerar que a execución das tarefas precisas nun contexto tan definido, requiren tanto un coñecemento específico do medio, as correntes mariñas, os modelos de transporte e dispersión necesarios para saber onde centrar os esforzos, así como dunha dirección e coordinación técnica especializada.*

*Estas razóns ademais da necesidade urxente de executar as actuacións de modo inmediato no momento preciso foron as que determinaron **a imposibilidade de executalas a través de medios municipais propios, impediron asímesmo a** tramitación de calquera tipo de convocatoria pública.*

*A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, constitúe a entidade asociativa de defensa ambiental cunha maior antigüedade e implantación e en Galicia, abandeira a defensa ambiental cunha maior implantación en Galicia, cuxa experiencia ven avalada polo traballo continuado ao longo de 25 anos en pro dun modelo de desenvolvemento ecolóxicamente sustentable e socialmente xusto, sen destrución ambiental, e pola procura dunha conciencia social crítica, solidaria e comprometida cos desastres ecolóxicos, facéndose cargo da coordinación das accións necesarias en toda Galicia e, no Concello de Lugo, a través do proxecto **Limpeza de pellets na praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo**”.*

**4.** Consta no expediente, certificado de data 30-07-2024, de retención de crédito na aplicación orzamentaria 92400.48900 en concepto de subvención directa excepcional destinada á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, por un importe de 2.000,00 euros (RC 202400052314), acreditativo da existencia de crédito axeitado e suficiente para a adxudicación da subvención proposta.

**5.** Asímesmo existe constancia de informe de Tesourería Municipal emitido o 01-08-2024 xustificativo de que esta entidade carece de débedas tributarias co Concello de Lugo por parte de Adegas.

6. O expediente foi sometido a informes preceptivos do Servizo de Fomento que o emite con data do 12/09/2024, así como á Fiscalización Previa Limitada da Intervención municipal que o emite en sentido favorable a través do seu informe núm. 2024/1879 do día 17/12/2024.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O marco xurídico de aplicación, ven determinado pola normativa que a seguir se indica:

- Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2006, de 21 de xullo, regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Exmo. Concello de Lugo.

Deste xeito, o réxime xurídico e procedimental da concesión de subvencións directas con carácter excepcional ven recollido no artigo 22.2 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións que no seu parágrafo c) prevé a concesión de subvencións directas con carácter excepcional cando queden acreditadas razóns de interés público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Asimesmo o seu artigo 28.3 determina os extremos que, como mínimo debe conter o acordo de concesión destas subvencións que son complementados polos dispostos no 67.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

No mesmo sentido, o artigo 21 c) da Ordenanza municipal reguladora da Concesión de Subvencións, ven a recoller e determinar os contidos mínimos do acordo de concesión de subvención directa de carácter excepcional no Concello de Lugo.

2. En canto ao órgano competente, cómpre ir ao disposto no art. 23 da Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Concesión que, en consonancia co art.21 establece “a proposta de concesión das subvencións someterase á Xunta de Goberno Local ou órgano delegado competente para a súa resolución”.

Seguindo criterios interpretativos aplicados consuetudinariamente na tramitación e na adxudicación de subvencións desta índole, enténdese que a reserva competencial en materia de subvencións competitivas e nominativas formulada pola Xunta de Goberno Local no seu acordo 40/607, abrangue así mesmo por extensión ás subvencións directas de carácter excepcional.

De conformidade cos antecedentes de feito e tendo en conta os fundamentos xurídicos e normativa reguladora de aplicación, a asinante **formulará proposta de resolución inicial para a adxudicación de subvención directa e excepcional á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza. CIF G15044811, para o desenvolvemento do proxecto “Limpeza de pellets en praia do Concello de Barreiros con voluntariado do concello de lugo”,** que unha vez sometida aos informes

preceptivos, será elevada á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo, nos termos que a continuación se expresan:

**PRIMEIRO.** Aprobar a adxudicación dunha subvención directa e excepcional por importe de 2.000,00 € a favor da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811, *para o desenvolvemento do proxecto “Limpeza de pellets en praia do Concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”* con cargo á **aplicación orzamentaria 92400.48900 do vixente presuposto municipal (RC 202400052314).**

A concesión virá regulada polas seguintes especificacións:

### 1. Crédito orzamentario

Existe documento contable de retención de crédito por importe suficiente para o pagamento da contía de 2.000,00 €. O ingreso da subvención farase efectivo no número de conta presentado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811, unha vez xustificada a subvención. Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

### 2. Obxecto

É obxecto da achega concedida, a execución do **proxecto “Limpeza de Pellets en Praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”, consistente na convocatoria dunha campaña de** limpeza de praias na costa galega, con motivo da alerta ambiental derivada do vertido de pellets plásticos por parte dun buque da empresa armadora do Toconao, que tivo lugar no mes decembro de 2023.

As accións, que tiveron un importante carácter formativo, consistiron na posta a disposición das persoas participantes dun protocolo de limpeza, especificacións concretas, seguro e material necesario para a realización das tarefas de limpeza en condicións de seguridade.

### 3. Modalidade subvencional

A presente axuda configúrase como unha subvención directa e excepcional ao abeiro do disposto no art. 22.2c) da Lei 38/2013, de 17 de novembro en consonancia co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo, sendo determinante para a súa concesión directa con carácter excepcional, a acreditación de razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Neste sentido, o seu carácter excepcional, ven determinado polo feito imprevisible e de carácter fortuito, cal é o accidente na descarga imprevista de material contaminante, que ocasiona a necesidade de intervención urxente e inmediata dos poderes públicos a fin de paliar as súas graves consecuencias para a saúde pública, segundo queda reflectivo no corpo expositivo do presente acordo.

As razóns de interese público, social, económico ou humanitario, veñen determinadas polo alcance e características da traxedia que configura un desastre ecolóxico de dimensións considerables con nefastas consecuencias para as costas galegas.

En canto ás razóns que difículten a súa convocatoria pública, cómpre considerar que a execución das tarefas precisas nun contexto tan definido, requiren tanto un coñecemento específico do medio, as correntes mariñas, os modelos de transporte e dispersión necesarios para saber onde centrar os esforzos, así como dunha dirección e coordinación técnica especializada.

#### **4. Entidade beneficiaria**

É beneficiaria da presente acción subvencional de carácter directo e excepcional a entidade Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galiza CIF G15044811, asociación ecoloxista, decana en Galicia, con 50 anos de experiencia na defensa do medio ambiente galego, sendo uns dos pilares da súa actividade a educación ambiental e as iniciativas de voluntariado ambiental a través de diferentes programas de actuación, promovendo a concienciación ambiental e a acción e participación social na defensa do medio ambiente.

Diante da situación provocada polo verquido dos pellets, esta asociación asumiu de modo inmediato o liderado da alarma social provocada na sociedade civil, canalizando a demanda de acción e participación recibida de colexios, asociacións e persoas individuais do concello de Lugo que, querían participar como voluntarias e reclamaban as indicacións e materiais precisos para poder actuar nesta situación de emerxencia con garantías ambientais e de seguridade, evitando así a realización descoordinada de prácticas non sustentabeis con impacto negativo sobre os areais a pesares da boa intención dos que acudían de modo espontáneo.

#### **5. Procedemento administrativo de concesión**

O procedemento de concesión de subvención directa de carácter excepcional á entidade Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galiza CIF G15044811 para a execución do proxecto "*Limpeza de Pellets en Praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo*", axústase ao disposto no capítulo 3, arts. 20 a 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo, gozando da excepcionalidade procedimental prevista no seu artigo 24, consistente na acumulación das distintas fases do procedemento ao existir constancia de documentación acreditativa do coñecemento previo da entidade e do cumprimento de requisitos desta como beneficiaria da subvención.

#### **6. Organo competente**

É órgano competente para a adxudicación, a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no art. 23 da Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Concesión que, en consonancia co art.21 establece "a proposta de concesión das subvencións someterase á Xunta de Goberno Local ou órgano delegado competente para a súa resolución".

Segundo criterios interpretativos aplicados consuetudinariamente na tramitación e na adxudicación de subvencións desta índole, enténdese que a reserva competencial en materia de subvencións competitivas e nominativas formulada pola Xunta de Goberno Local no seu acordo 40/607, abrangue así mesmo por extensión ás subvencións directas de carácter excepcional.

Asimesmo, segundo delegación efectuada pola Xunta de Goberno Local no seu acordo 40/607 con data do 26/07/2023, o órgano competente para o pagamento é a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.

### **7. Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do prazo de execución, coas limitacións previstas no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións e 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Necesariamente os gastos deberán estar vinculados coas tarefas de execución das distintas fases do proxecto descritas na memoria achegada pola entidade beneficiaria e conforme ao orzamento presentado:

- Preparación: realización dun protocolo de limpeza de pellets nas praias, para asegurar unha retirada adecuada dos microplásticos, búsqueda do espazo afectado polo verquido de pellets e xestión co concello para habilitar un colector para a disposición dos pellets recollidos e para informar á Xunta de Galicia para a recollida e xestión dos mesmos.
- Difusión e inscricións: Cartelería e publicacións na web, redes sociais e medios e comunicación. Xestión das inscricións do voluntariado, a través de formulario online, atención de emails e teléfono.
- Realización: desprazamento en autobús dende Lugo ata o lugar da actividade, recepción das participantes na praia, charla informativa, entrega do material, traballos de limpeza, posta en común final e regreso a Lugo.
- Avaliación posterior: análise dos resultados, por parte de todo o equipo, e realización do informe cos datos recadados (número e tipo de participantes, cuantificación dos pellets e outros plásticos recollidos).

### **8. Xustificación. Prazo e forma.**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidade beneficiaria deberá presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

Habida conta da natureza fortuita da causa que xustifica a urxencia e imediatez da intervención orixe da excepcionalidade da presente subvención, as accións foron xa levadas a cabo durante o periodo comprendido entre o 08/01/2024 e o 26/01/2024, establecéndose como prazo máximo para a achega da documentación correspondente á xustificación, o **26/12/2024**.

A xustificación deberá ir acompañada do Anexo I, no cal se inclúen:

- **Memoria de actuación** xustificativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade.
- **Memoria económica** xustificativa do custo das accións desenvolvidas que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade.
- **Declaración responsable xustificativa do cumprimento de requisitos**

Deberá ir acompañado de actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión ( folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada.

- **Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa** de conformidade coas bases de execución do presuposto, así como o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

A entidade beneficiaria deberán xustificar con facturas orixinais o gasto correspondente ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo, máis o 10% do gasto do orzamento presentado no seu día que deberá ser asumido pola entidade subvencionada.

**SEGUNDO.** Aprobar o Anexo I contido na presente resolución para a Xustificación da subvención concedida.

**TERCEIRO.** Aprobar a disposición do gasto de 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900 do vixente presuposto municipal de 2024, a favor da Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galiza CIF G15044811, para o proxecto “Limpeza de pellets en praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”.

**CUARTO.-** Proceder á publicación deste acordo de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**QUINTO:** Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992 do 26 de novembro no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a adxudicación dunha subvención directa e excepcional por importe de 2.000,00 € a favor da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811, *para o desenvolvemento do proxecto “Limpeza de pellets en praia do Concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”* con cargo á **aplicación orzamentaria 92400.48900 do vixente presuposto municipal (RC 202400052314).**

A concesión virá regulada polas seguintes especificacións:

### 1. Crédito orzamentario

Existe documento contable de retención de crédito por importe suficiente para o pagamento da contía de 2.000,00 €. O ingreso da subvención farase efectivo no número de conta presentado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811, unha vez xustificada a subvención. Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

### 2. Obxecto

É obxecto da achega concedida, a execución do **proxecto “Limpeza de Pellets en Praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”, consistente na convocatoria dunha campaña de** limpeza de praias na costa galega, con motivo da alerta ambiental derivada do vertido de pellets plásticos por parte dun buque da empresa armadora do Toconao, que tivo lugar no mes decembro de 2023.

As accións, que tiveron un importante carácter formativo, consistiron na posta a disposición das persoas participantes dun protocolo de limpeza, especificacións concretas, seguro e material necesario para a realización das tarefas de limpeza en condicións de seguridade.

### 3. Modalidade subvencional

A presente axuda configúrase como unha subvención directa e excepcional ao abeiro do disposto no art. 22.2c) da Lei 38/2013, de 17 de novembro en consonancia co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo, sendo determinante para a súa concesión directa con carácter excepcional, a acreditación de razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Neste sentido, o seu carácter excepcional, ven determinado polo feito imprevisible e de carácter fortuito, cal é o accidente na descarga imprevista de material contaminante, que ocasiona a necesidade de intervención urxente e inmediata dos poderes públicos a fin de paliar as súas graves consecuencias para a saúde pública, segundo queda reflectivo no corpo expositivo do presente acordo.

As razóns de interese público, social, económico ou humanitario, veñen determinadas polo alcance e características da traxedia que configura un desastre ecolóxico de dimensións considerables con nefastas consecuencias para as costas galegas.

En canto ás razóns que dificulten a súa convocatoria pública, cómpre considerar que a execución das tarefas precisas nun contexto tan definido, requiren tanto un coñecemento específico do medio, as correntes mariñas, os modelos de transporte e dispersión necesarios para saber onde centrar os esforzos, así como dunha dirección e coordinación técnica especializada.

### 4. Entidade beneficiaria

É beneficiaria da presente acción subvencional de carácter directo e excepcional a entidade Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galiza CIF G15044811, asociación ecoloxista, decana en Galicia, con 50 anos de experiencia na defensa do medio ambiente galego, sendo uns dos pilares da súa actividade a educación ambiental e as iniciativas de voluntariado ambiental a través de diferentes programas de actuación, promovendo a concienciación ambiental e a acción e participación social na defensa do medio ambiente.

Diante da situación provocada polo verquido dos pellets, esta asociación asumiu de modo inmediato o liderado da alarma social provocada na sociedade civil, canalizando a demanda de acción e participación recibida de colexios, asociacións e persoas individuais do concello de Lugo que, querían participar como voluntarias e reclamaban as indicacións e materiais precisos para poder actuar nesta situación de emerxencia con garantías ambientais e de seguridade, evitando así a realización descoordinada de prácticas non sustentabeis con impacto negativo sobre os areas a pesares da boa intención dos que acudían de modo espontáneo.

### 5. Procedemento administrativo de concesión

O procedemento de concesión de subvención directa de carácter excepcional á entidade Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811 para a execución do proxecto *“Limpeza de Pellets en Praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo”*, axústase ao disposto no capítulo 3, arts. 20 a 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo, gozando da excepcionalidade procedimental prevista no seu artigo 24, consistente na acumulación das distintas fases do procedemento ao existir constancia de documentación acreditativa do coñecemento previo da entidade e do cumprimento de requisitos desta como beneficiaria da subvención.

## **6. Organo competente**

É órgano competente para a adxudicación, a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no art. 23 da Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Concesión que, en consonancia co art.21 establece “a proposta de concesión das subvencións someterase á Xunta de Goberno Local ou órgano delegado competente para a súa resolución”.

Segundo criterios interpretativos aplicados consuetudinariamente na tramitación e na adxudicación de subvencións desta índole, enténdese que a reserva competencial en materia de subvencións competitivas e nominativas formulada pola Xunta de Goberno Local no seu acordo 40/607, abrangue así mesmo por extensión ás subvencións directas de carácter excepcional.

Asimesmo, segundo delegación efectuada pola Xunta de Goberno Local no seu acordo 40/607 con data do 26/07/2023, o órgano competente para o pagamento é a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.

## **7. Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do prazo de execución, coas limitacións previstas no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións e 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Necesariamente os gastos deberán estar vinculados coas tarefas de execución das distintas fases do proxecto descritas na memoria achegada pola entidade beneficiaria e conforme ao orzamento presentado:

- Preparación: realización dun protocolo de limpeza de pellets nas praias, para asegurar unha retirada adecuada dos microplásticos, búsqueda do espazo afectado polo verquido de pellets e xestión co concello para habilitar un colector para a disposición dos pellets recollidos e para informar á Xunta de Galicia para a recollida e xestión dos mesmos.
- Difusión e inscricións: Cartelería e publicacións na web, redes sociais e medios e comunicación. Xestión das inscricións do voluntariado, a través de formulario online, atención de emails e teléfono.

- Realización: desprazamento en autobús dende Lugo ata o lugar da actividade, recepción das participantes na praia, charla informativa, entrega do material, traballos de limpeza, posta en común final e regreso a Lugo.
- Avaliación posterior: análise dos resultados, por parte de todo o equipo, e realización do informe cos datos recadados (número e tipo de participantes, cuantificación dos pellets e outros plásticos recollidos).

#### **8. Xustificación. Prazo e forma.**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidade beneficiaria deberá presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

Habida conta da natureza fortuita da causa que xustifica a urxencia e inmediatez da intervención orixe da excepcionalidade da presente subvención, as accións foron xa levadas a cabo durante o período comprendido entre o 08/01/2024 e o 26/01/2024, establecéndose como prazo máximo para a achega da documentación correspondente á xustificación, o **26/12/2024**.

A xustificación deberá ir acompañada do Anexo I, no cal se inclúen:

- **Memoria de actuación** xustificativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade.
- **Memoria económica** xustificativa do custo das accións desenvolvidas que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade.
- **Declaración responsable xustificativa do cumprimento de requisitos**  
Deberá ir acompañado de actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión ( folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada.
- **Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa** de conformidade coas bases de execución do presuposto, así como o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

A entidade beneficiaria deberán xustificar con facturas orixinais o gasto correspondente ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo, máis o 10% do gasto do orzamento presentado no seu día que deberá ser asumido pola entidade subvencionada.

SEGUNDO.- Aprobar o Anexo I contido na prente resolución para a Xustificación da subvención concedida.

TERCEIRO.- Aprobar a disposición do gasto de 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900 do vixente presuposto municipal de 2024, a favor da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza CIF G15044811, para o proxecto "Limpeza de pellets en praia do concello de Barreiros con voluntariado do concello de Lugo".

CUARTO.- Proceder á publicación deste acordo de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra cabe a vía de recursos contida no parágrafo quinto da proposta de resolución.

#### ANEXO I

##### XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

|                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  |
| <b>CONCELLO DE LUGO</b>                                                             |
| <b>XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN ÁREA PARTICIPACIÓN CIDADÁ 2024</b>                   |

##### DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE

|                         |               |                  |                               |
|-------------------------|---------------|------------------|-------------------------------|
| <b>NOME:</b>            |               | <b>CIF:</b>      | <b>Nº REXISTRO MUNICIPAL:</b> |
| <b>ENDEREZO SOCIAL:</b> |               |                  | <b>CONCELLO:</b>              |
| <b>PROVINCIA:</b>       | <b>CÓDIGO</b> | <b>TELÉFONO:</b> | <b>CORREO ELECTRÓNICO</b>     |

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac4619193788095862040.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2024

|  |                |  |                     |
|--|----------------|--|---------------------|
|  | <b>POSTAL:</b> |  | <b>CORPORATIVO:</b> |
|--|----------------|--|---------------------|

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE**

|                                                           |                 |
|-----------------------------------------------------------|-----------------|
| <b>NOME E APELIDOS:</b>                                   | <b>NIF/NIE:</b> |
| <b>CARGO NA ASOCIACIÓN:</b>                               |                 |
| <b>CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> |                 |

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO**

|  |
|--|
|  |
|--|

**MEMORIA DA ACCIÓN DESENVOLVIDA** (nome e descrición pormenorizada de cada unha das accións concretas realizadas para desenvolver a actividade)

|  |
|--|
|  |
|--|

**OBXECTIVOS ACADADOS** (resultados obtidos acordes cos fins da asociación)

|  |
|--|
|  |
|--|

**LUGAR ONDE SE DESENVOLVEU A ACTIVIDADE**

|  |
|--|
|  |
|--|

**CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

|  |
|--|
|  |
|--|

**RECURSOS UTILIZADOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES**

**a) Recursos materiais**

|  |
|--|
|  |
|--|

**b) Recursos humanos**

|  |
|--|
|  |
|--|

**c) Recursos económicos (orçamento detallado da actividade realizada)**

| INGRESOS |         | GASTOS   |         |
|----------|---------|----------|---------|
| Concepto | importe | Concepto | importe |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |
|          |         |          |         |

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac4619193788095862040.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2024

|                           |  |                         |  |
|---------------------------|--|-------------------------|--|
|                           |  |                         |  |
| Importe total de ingresos |  | Importe total de gastos |  |

**RESUMEN ECONÓMICO**

|                      |                                                                  |            |
|----------------------|------------------------------------------------------------------|------------|
| ORZAMENTO PRESENTADO | ORZAMENTO EXECUTADO (non pode ser inferior ao 85% do presentado) | DESVIACIÓN |
|                      |                                                                  |            |
| CAUSAS DA DESVIACIÓN |                                                                  |            |

**RELACIÓN CLASIFICADA DE TODOS OS GASTOS IMPUTADOS Á SUBVENCIÓN**

| NÚM./<br>DATA<br>EMISIÓN | DATA<br>PAGO | ACREDOR | CONCEPTO | IMPORTE<br>TOTAL | % IMPUT.<br>CONCELLO | %<br>IMPUT.<br>ENTIDAD<br>E |
|--------------------------|--------------|---------|----------|------------------|----------------------|-----------------------------|
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |
|                          |              |         |          |                  |                      |                             |

**DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

1. Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI☐ NON

**\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2024, esta entidade recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:**

| SUBVENCIÓN SOLICITADA | ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA | CONTÍA SOLICITADA |
|-----------------------|----------------------------------|-------------------|
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
| <b>TOTAL</b>          |                                  |                   |

2. A acción para a que se solicita subvención efectúouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. A subvención para percibir destinouse integramente, ao financiamento da acción para a que se solicita.

4. Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

5. Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

6. As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas, na porcentaxe imputada á subvención adxudicada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

7. O persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

8. Que a entidade vai seguir desenvolvendo as súas funcións ata finais deste exercicio económico.

O PRESIDENTE,

(Documento asinado dixitalmente)